

BIBLIOGRAFÍA



RECENSIÓNS

APARÍCIO MEIRA, DEOLINDA: *O Regime Económico das Cooperativas no Dereito Portugués: O capital social*, Porto, VidaEconómica, 2009, 390 páxinas.

por Anxo TATO PLAZA

O libro que comentamos ten a súa orixe na Tese de Doutoramento defendida pola autora en febreiro de 2008 na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo, elaborada baixo a dirección do Prof. Julio Costas Comesaña.

En canto tal, a obra supón unha excelente mostra do crecente traballo de investigación que en materia de cooperativas se desenvolve –dende distintos ámbitos- na devandita Universidade. Unha boa mostra deste crecente traballo é, sen dúbida algunha, a revista que o lector ten entre as súas mans, ó Consello de Redacción da cal se vén de incorporar, precisamente, a autora da obra recensionada. A obra da Prof. Aparício Meira constitúe outra mostra de indubidable valor, tanto polo seu contido como pola súa procedencia e dirección.

Comezando por estes dous últimos aspectos, debemos destacar que a Prof. Aparício Meira non resultará descoñecida para aquelas persoas que, por calquera razón, se aproximen con frecuencia ó Dereito cooperativo. En efecto, a Prof. Aparício Meira é xa unha coñecida e reputada experta neste ámbito, ó que ten achegado valiosos artigos doutriniais (algúns deles nesta mesma revista) que acreditan un profundo coñecemento da materia. No caso que nos ocupa, ademais, a obra non só representa unha excelente culminación de toda unha traxectoria previa de investigación e estudio. Ven tamén avalada pola dirección do Prof. Costas Comesaña (que subscribe o prólogo) o que sen dúbida constitúe o máis valioso aval para a obra recensionada, dado o seu prestixio e habitual bon facer.

Dende a perspectiva do seu contido, a obra que comentamos afróntase a un dos temas de maior dificultade no eido do Dereito cooperativo: o estudo do réxime económico das cooperativas, con particular atención dentro deste ó réxime xurídico do capital social.

Como é ben sabido, a natureza mutualista das sociedades cooperativas condiciona de xeito moi severo o seu réxime económico. Ata tal punto, que ben poderíamos afirmar que, se noutros aspectos as cooperativas se foron achegando progresivamente ó réxime xurídico das sociedades de capital, é no eido do réxime económico onde as sociedades cooperativas presentan as maiores peculiaridades e deixan traslucir con maior claridade a súa específica natureza.

Se se ten presente isto, non debe resultarnos estrano que a obra comentada comece cun primeiro capítulo adicado ás especificidades da empresa cooperativa. Neste senso, e como xa adiantabamos, certos rasgos característicos das sociedades cooperativas (como a súa base mutualista) condicionan severamente o seu réxime económico, polo que dificilmente se poden comprender algúns aspectos deste último sen ter presentes aquelas particularidades. O capítulo primeiro da obra da Prof. Aparício Meira convértese, deste xeito, nunha valiosa e inevitable introdución para unha adecuada comprensión do réxime económico das cooperativas.

Tras esta introdución, a autora adéntrase directamente no estudo do capital social das cooperativas. Cómpre sinalar que este estudio céntrase, fundamentalmente, no Dereito portugués, pero non deixa de lado a comparación deste último con outros ordenamentos e, particularmente, co Dereito cooperativo galego.

Tras unha adecuada e precisa delimitación dos conceptos de capital social e patrimonio social, a Prof. Aparício Meira introdúcese na análise dos principios regulamentadores do capital social nas cooperativas, non sempre coincidentes cos que rexen o capital social das sociedades de capital, como así o amosa o carácter variable do primeiro fronte ó segundo.

A continuación, a autora ocúpase do estudo do réxime das achegas ó capital social, así como daquelas prestacións que non integran o capital social, con especial atención neste último caso á denominada masa de xestión económica derivada da participación do socio na actividade cooperativizada. Sen dúbida, é aquí onde se atopan as máis valiosas contribucións da autora, cunhas páxinas especialmente brillantes e esclarecedoras sobre a natureza da masa de xestión económica, cuestión trascendental (por exemplo, ós efectos do concurso da cooperativa) e non

sempre suficientemente estudada e aclarada, polo que achegas como as da Prof. Aparício Meira deben recibir unha calurosa benvida. Neste senso, o lector non só atopará nestas páxinas un excelente e esclarecedor resumo das distintas teses formuladas para definir a natureza xurídica da masa de xestión económica, senon valiosas reflexións e achegas persoais da autora que, sen dúbida, deberán ser tomadas en consideración a partir de agora.

Tras o estudio da masa de xestión económica, a autora ocúpase do estudio do réxime de determinación e distribución de resultados nas sociedades cooperativas. Como queira que nas sociedades cooperativas a distribución de resultados non se fai depender das achegas ó capital social, senon da participación dos socios na actividade cooperativizada, a Prof. Aparício Meira comeza este capítulo recordando de novo o carácter mutualista das sociedades cooperativas e identificando onde se atopa a vantaxe mutualista. Tras isto, atopamos un acertado estudio dos criterios de determinación e distribución de resultados, estudio onde, ademáis de ofrecer unha perfecta exposición do réxime vixente, a autora suscita e abre cuestións que deberán de merecer futuras reflexións, tales como –por exemplo- a posibilidade de aplicar criterios de distribución distintos cando os resultados non proceden da actividade cooperativizada, senon das operacións con terceiros ou de actividades de carácter extraordinario.

O libro, en fin, péchase con dous capítulos adicados, respectivamente, ó estudio das funcións do capital social e das reservas nas cooperativas e do réxime xurídico aplicable ás modificacións (aumento e redución) do capital social.

En definitiva, tanto polas xa coñecidas cualidades da autora e do Director da Tese, como polo seu contido, a información que achega, e os puntos de reflexión que abre, cremos que estamos en presenza dunha das obras de maior relevancia dentro das recentes publicacións adicadas ó estudio do Dereito cooperativo, polo que constituirá un punto de referencia ineludible para todos aqueles que, por razóns de investigación, profesionais, ou doutra índole, pretendan a partir de agora achegarse, non só ó estudio do réxime económico destas sociedades, senon tamén introducirse na análise da súa específica natureza e peculiaridades.





